

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA PARA A TRAMITACIÓN DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE SARRIA PARA A CONCESIÓN DUNHA AXUDA PARA A ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUN BOX DE ATURDIMENTO PARA O MATADOIRO MUNICIPAL

O artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de agricultura e gandería, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado.

Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural ten as competencias xerais en materia de industrias alimentarias e, particularmente, é competente en relación coa ordenación do sector agroindustrial e o fomento da súa actividade de transformación, tal como se recolle no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, modificado polo Decreto 148/2024, do 20 de maio.

O Concello de Sarria manifestou a necesidade extraordinaria de colaboración por parte da Consellería do Medio Rural para a adquisición e instalación dun box de aturdimiento destinado a garantir que o servizo público do matadoiro se preste a través dunha xestión pública por carecer o referido concello da capacidade orzamentaria suficiente para a súa acometida en solitario.

Os matadoiros municipais constitúen unha infraestrutura clave para o desenvolvemento económico local e a garantía sanitaria dos produtos cárnicos.

Unha das prioridades da Consellería do Medio Rural e da Xunta de Galicia é manter a actividade agropecuaria, como medida para fixar poboación no rural e evitar o despoboamento, polo que é imprescindible adoptar todas as actuacións que aseguren o fortalecendo e a rendibilidade das producións gandeiras.





A Comarca de Sarria é unha zona de intensa actividade agropecuaria, caracterizada por albergar un número importante de granxas de porcino, así como salas de despece e pequenos talleres cárnicos, polo que o servizo do matadoiro é de grande interese para o sector.

Co investimento a acometer mellorase as infraestruturas do matadoiro o que é de grande interese económico ao apoiar ao sector primario permitindo aos gandeiros locais comercializar os seus produtos en instalacións cercanas reducindo así os custos. Así mesmo dinamizan a economía rural favorecendo as zonas despoboadas xerando emprego e asentamento da poboación e o mesmo tempo impulsan un sector estratéxico como é o agrogandeiro para a comarca sarriana.

Tendo en conta o evidente interese público, social e económico da actividade, a Consellería do Medio Rural e o Concello de Sarria requiren manter o servizo nas mellores condicións.

A Consellería do Medio rural pretende asinar un convenio co Concello de Sarria, co obxecto de establecer as condicións nas que se concederá unha axuda ao concello para a adquisición e instalación dun box de inmovilizado para aturdido de vacún con empuxe e suxeición da cabeza, e así contribuir a dinamizar a economía rural favorecendo as zonas despoboadas xerando emprego e asentamento da poboación e o mesmo tempo impulsar un sector estratéxico como é o agrogandeiro para a comarca sarriana.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.



Así mesmo resulta aplicable o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A Consellería do Medio Rural financiará a actuación do convenio co Concello de Sarria para a adquisición e instalación dun box de aturdimiento para o matadoiro municipal, por un importe máximo de trinta mil euros (30.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.741A.760.0 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen así mesmo o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Silvestre José Balseiros Guinarte

